



**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL
DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA
CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA
AS MULLERES**

O 25 de novembro conmemórase en todo o mundo o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia unímonos ás reivindicacións co fin de eliminar da nosa sociedade esa crueldade que supón a violencia de xénero, e á súa vez achegar a nosa contribución na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria para homes e mulleres.

A violencia contra as mulleres é unha lacra que está instalada na nosa sociedade de forma transversal; o que significa que está presente en todas as clases sociais, é polo tanto un problema xeneralizado a toda a sociedade. Nas súas manifestacións a violencia contra as mulleres é padecida directamente polas mulleres que están sometidas a ela, así como aos seus fillos e fillas; ademais, dun modo xeral podemos dicir que a violencia de xénero afecta a toda a sociedade porque marca de forma dramática o xeito de relacionárense os homes e as mulleres. É polo tanto un problema estrutural que necesita de mudanzas globais e estruturais; para esas mudanzas é necesario que se produzan cambios psicosociais, o que significa cambios nas concepcións das políticas sociais e mudanzas no pensamento e comportamento das persoas que integran a sociedade.

A loita para combater a violencia contra as mulleres ten unha parte práctica, de atención, que fai referencia aos aspectos concretos que se necesitarían mellorar ou crear para axudar a que as vítimas desa violencia poidan abandonar esa situación na que padecen a violencia; desde ese punto de vista sería desexábel que o malestar e os problemas de saúde tanto física como psicolóxica, derivados de situacións de violencia, fose atendido nos servizos de saúde públicos. Nese sentido reivindicamos unha vez máis a necesidade da presenza de profesionais da psicoloxía en atención primaria, para abordar esta problemática.

Combater a violencia contra as mulleres é combater a desigualdade social; a violencia coloca ás mulleres en situación de desprotección e inxustiza social, polo tanto axudar a esas mulleres a saír da súa situación de discriminación é un acto de xustiza social, e debería ser prioritario nas políticas das institucións que teñan competencias en materias de saúde e benestar social.

Para unha maior eficacia nas intervencións e para evitar a duplicidade de esforzos e medios, queremos desde o noso Colexio profesional reivindicar a colaboración interdisciplinar e o traballo en rede; de modo que se aborde o problema da violencia nos distintos ámbitos de actuación; só actuando de xeito coordinado e conxunto se conseguirá abordar con eficacia esta problemática que está profundamente enraizada na sociedade.



Queremos, finalmente, desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia reivindicar a prevención da violencia como forma eficaz de erradicar estes comportamentos agresivos e antidemocráticos que sustentan a violencia de xénero na sociedade; o que significa que durante os anos da adolescencia o tema da violencia contra as mulleres debe ser abordado nos centros de ensino garantindo deste xeito a toma de conciencia por parte de todas e todos os mozos da realidade da violencia; para que aprendan a combatela desde o propio inicio. Esa é unha das mellores -e menos custosas- vacinas contra a insidiosa violencia de xénero que ameaza a toda a sociedade en xeral e ás mulleres en particular.

Compostela, 23 de novembro de 2012.

Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia